



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xaneiro de 2021 (954 /1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(23).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de xaneiro, extraordinaria e urxente do 8 de xaneiro e ordinaria do 14 de xaneiro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(24).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 16774/332.

Visto o informe xurídico do 18/12/2020 e o informe de fiscalización do 12/01/21, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- O 15/03/2016 a Xunta de Goberno Local adxudica a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos (expte 16774-332), polo seguinte importe anual:

Escola	Importe
Xestión EIM Mestres Goldar - Castrelos	166.260,00 €/ano

2.- No PCAP fíxase unha duración do contrato de catro anos (do 08/04/2016 ao 07/04/2020) e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos.

No punto 3.J) do Anexo I (Follas de Características do Contrato -FEC-) do PCAP indícase, en relación á revisión de prezos, o seguinte:

J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: si

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

Se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.
- Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo do sector que lle sexa de aplicación, agás que se trate dun convenio de empresa, en cuxo caso as subidas salariais non darán lugar en ningún caso a unha revisión de prezos.
- A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio do sector de aplicación.
- O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.
- A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.

3.- A Xunta de Goberno Local de data 12/03/2020 aprobou a revisión do prezo do contrato, en base á solicitude efectuada por Colegio Los Milagros SL con data 29/11/2019, revisión tra-la cal quedou o novo prezo anual do contrato establecido en 178.607,72 €/ano.

4.- Colegio Los Milagros SL, mediante escrito de data 20/11/2020 solicita, en base á disposición citada, unha nova revisión do prezo do contrato dende o día 1 de xaneiro de 2020. As táboas salariais do vixente "XII Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia y educación infantil", modifican os seus importes a partir do 01/09/2020, data sobre a que procede traballar para estimar esta nova solicitude de revisión do prezo do contrato.

II.- Cálculos para a revisión de prezos.

En data 30/11/2020 o técnico de Educación informa:



Concello de Vigo

“Para a súa materialización terase en conta o seguinte:

- No presuposto do servizo incluído na oferta presentada por Colegio Los Milagros SL, indícase que a porcentaxe relativa a custos de persoal no prezo ofertado é o 79,99%.
- Nas táboas salariais de aplicación, materialízanse os seguinte incrementos naquelas categorías que son obxecto de contratación na prestación do servizo contratado:

Categoría	N.º traballadores estimado	Salario mes convenio 2019	Salario mes convenio a partir de 01/09/2020	Diferencia	Diferencia (14 pagas)	Total por categoría
Director/a pedagóxico	1	1.444,86 €	1.465,97 €	21,11	295,54	295,54
Educador/a infantil	4	932,00 €	945,98 €	13,98	195,72	782,88
Persoal de apoio	2	916,32 €	950,00 €	33,68	471,52	943,04
Persoal de cociña e limpeza	2	916,32 €	950,00 €	33,68	471,52	943,04
Total						2.964,50

- Procedería, pois, incrementar en 2.964,50 euros, relativos ao incremento de custos de persoal, para calcular o novo prezo anual do contrato
- Estas novas contas terían vixencia desde o 1 de setembro de 2020 (e ata o 31/08/2021), polo que existen atrasos a favor da empresa adxudicataria, ademais de establecer un novo prezo do contrato para as facturacións mensuais que a partir da agora procedan.
- Deste xeito: $2.964,50 + 178.607,72 = 181.572,22$ euros, novo prezo anual do contrato.
- Así pois, o novo prezo mensual do contrato será: 16.506,57 euros

En consecuencia do anteriormente exposto, os atrasos a favor da empresa adxudicataria serían os seguintes:

- ✓ 2020: diferencias na facturación mensual de setembro, outubro, novembro e decembro: $269,5 \times 4 = 1.078,00$ euros
- ✓ A partir de xaneiro de 2021, a factura mensual deste contrato será de 16.506,57 euros”

III.- Competencia e proposta.

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Por razón temporais son de aplicación a este contrato adxudicado pola XGL o 15 de marzo de 2016 os arts. 89 e ss. do TRLCSP 3/2011 antes da súa modificación pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en cuxa Disposición transitoria se establece que o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP cuxo expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do Real Decreto de desindexación ó que se refiren os arts. 4.3 e 5 da Lei (03/02/2017) será o previsto nos Pregos correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, é o órgano competente para adoptar o acordo de revisión de prezos (art. 127 LRBRL e Disposición Adicional segunda. apdo. 3 TRLCSP).

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión na orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable (art. 214 TRLRFL e Disposición Adicional segunda, apdo. 8 TRLCSP).

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato da xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos, pola variación das táboas salariais contempladas no convenio de aplicación a partir do 01/09/2020, quedando o prezo anual do contrato en 181.572,22 euros, en vez dos 178.607,72 euros actuais.

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos, polo periodo comprendido entre o 1/09/2020 e o 31/12/2020, o seguinte importe:

- ✓ Setembro, outubro, novembro e decembro de 2020: 1.078,00 euros
- ✓ TOTAL: 1.078,00 euros

3º.- O importe da facturación mensual a partir do mes de xaneiro de 2021 será: 16.506,57 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(25).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA 2ª LIQUIDACIÓN DE 2020 DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR SOBRE O RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONSORCIO. EXPTE. 24837/332.

Dáse conta do informe-proposta do 18/01/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área, e polo xefe da Área Xurídica de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- 1ª liquidación de 2017: En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no rexistro Xeral do Concello de Vigo resolución do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 29.09.2017 de aprobación da 1ª liquidación de 2017, referida ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Doc. 170136820). Con esta resolución achéganse dúas liquidacións:

- Liquidación núm. 395-2017 (39 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil da rúa Palencia, por importe de 29.250,00 €
- Liquidación núm. 396-2017 (98 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil de Valadares por importe de 73.500,00 €.

Nesta resolución indicase que esta primeira liquidación de 2017 corresponde á primeira metade do curso escolar 2016/17.

II.-O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remite estas liquidacións fundamentándoas no réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017) :

“Un. O sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subroga nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuídas pola normativa vixente as entidades locais, rexerese polo disposto nos apartados seguintes deste artigo, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica. Todo en consonancia co acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Dous. As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios,(...).

Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día aplicarase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.

Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cinco. O réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exixencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.

Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.

Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.

Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.

Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaráselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións. “



Concello de Vigo

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2017 acordou interpoñer de acordo co disposto no Art. 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, requirimento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 29.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación ano 2017 – Curso escolar 2016-17” Réxime de cofinanciamento para as escolas infantís de Vigo, Rúa Palencia por importe de 29.250,00 € e Valadares por importe de 73.500,00 €, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 395/2017, e 396/2017] e, que na súa virtude, se dite outra pola que se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento.

Dito requirimento foi presentado en data 30 de novembro de 2017, sen que ata a data recaera resolución.

IV.- Non obstante a interposición do indicado requirimento, a fin de evitar maiores prexuízos económicos á administración municipal derivados dun eventual incremento das contías polos xuros e recargos que se puidesen devengar, por resolución de 03-01-2018 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das referidas liquidacións, (1ª liquidación 2017, referida a Escola Infantil da Rúa Palencia e Escola Infantil Valadares, por importes de 29.250,00€ e 73.500,00€ respectivamente).

V.- 2ª liquidación 2017: En data 10 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190195059) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación provisional núm. 756-2017, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (40 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.000,00 €.

- 2ª Liquidación provisional núm. 757-2017, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2016/17.

VI.- 1ª liquidación 2018: En data 13 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190198255) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 1ª Liquidación provisional núm. 203-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (99 prazas x 750 €/praza) por importe de 74.250,00 €.

- 1ª Liquidación provisional núm. 202-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (36 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.000,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

VII.- Respecto destas catro liquidacións (2ª liquidacións 2017: núm. 756-2017 e núm. 757-2017) e (1ª liquidacións 2018: núm. 203-2018 e núm. 202-2018) por resolucións de 27-12-2019 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das mesmas polos importes sinalados nos antecedentes V e VI.

Nestas resolucións, ao igual que o indicado sobre o pagamento da 1ª liquidación 2017, de novo ponse de manifesto o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación, e a indicación de que o pagamento destas liquidacións non presupón a conformidade coas mesmas.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, acordou interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as referidas liquidacións, reclamando a devolución das cantidades pagadas.

Os recursos contencioso-administrativos contra estas liquidacións están en tramitación no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) como Procedemento ordinario nº 95/2020 e Procedemento ordinario nº 96/2020.

VIII.- 2ª liquidación 2018: En data 10 de marzo de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm.200039687) ao que se acompañan dúas liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponden á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 27- 05-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

IX.- 1ª e 2ª liquidacións 2019: O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a remitir liquidacións en base ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís tendo entrada en data 01-06-2020 notificación de aprobación da 1ª liquidación 2019 (doc. Rexistro núm 200098095) e notificación da 2ª liquidación 2019 (doc. 200098098) achegando as seguintes liquidacións referidas ao ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.



Concello de Vigo

- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 24-07-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

- **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 01-12-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

X.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“ *Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as liquidacións que se identifican a seguir:*

- **2ª liquidación 2018:**

- 2ª Liquidación definitiva núm.559-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 558-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (37 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.750,00 €.

- **1ª liquidacións 2019**

- 1ª Liquidación definitiva núm. 376-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.

- 1ª Liquidación definitiva núm.377-2019, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

- **2ª liquidacións 2019**

- 2ª Liquidación definitiva núm.774-2019, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.

- 2ª Liquidación definitiva núm. 775-2019 cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (98 prazas x 750 €/praza) por importe de 73.500,00 €.

Segundo.- Reclamar a devolución das cantidades abonadas por estas liquidacións.”

Con data 11 de agosto do 2020 presentouse escrito de interposición do recurso contencioso-administrativo contra estas liquidacións.

XI.- **1ª liquidación 2020:** En data 29 de xullo de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo Resolución de aprobación da 1ª liquidación de 2020 do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm 200137704) á que se acompañan dúas li-

liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 1ª Liquidación definitiva núm. 134-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (41 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.750,00 €.
- 1ª Liquidación definitiva núm. 135-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 2 de outubro de 2020, acordou interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución de 29 de xullo de 2020 do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar .

Con data 09-10- 2020 presentouse escrito de interposición do recurso contencioso-administrativo contra estas liquidacións.

Estas liquidacións foron pagadas por resolución de 01-12-2020 do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude na que se autoriza o gasto e ordena o pagamento das mesmas, manifestando, novamente, o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación.

XII.- 2ª liquidación 2020: En data 10 de decembro de 2020 tivo entrada no Concello de Vigo Resolución de aprobación da 2ª liquidación de 2020 do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro núm 200259903) á que se acompañan dúas liquidacións referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación definitiva núm. 710-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 711-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- En primeiro lugar compre ter en conta a o establecido na Disposición adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL). *“Convenios sobre exercicio de competencias y servicios municipales.*

1. Los convenios, acuerdos y demás instrumentos de cooperación ya suscritos, en el momento de la entrada en vigor de esta Ley, por el Estado y las Comunidades Autónomas con toda clase de Entidades Locales, que lleven aparejada cualquier tipo de financiación destinada a sufragar el ejercicio por parte de éstas últimas de competencias delegadas o competencias distintas a las enumeradas en los artículos 25 y 27 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, deberán adaptarse a lo previsto en esta Ley a 31 de diciembre de 2014. Transcurrido este plazo sin haberse adaptado quedarán sin efecto.”



Concello de Vigo

Como consecuencia desta disposición o convenio para a xestión da Galaescola da rúa Palencia asinado 16 de xuño de 2008 quedou sen efecto ao non ter sido adaptado no prazo legalmente establecido.

2.- As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”

3.- Tras a modificación do esquema competencial pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a única competencia propia dos municipios en materia educativa é a prevista no citado artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril. A supresión do artigo 28 da LRBRL conleva que os municipios non poden exercer actividades complementarias en materia de educación.

4.- Non obstante, os concellos poderán seguir seguindo prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando, si con isto non se pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. Todo isto de conformidade co establecido no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local: *“Las Entidades Locales solo podrán ejercer competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación cuando no se ponga en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda municipal, de acuerdo con los requerimientos de la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera y no se incurra en un supuesto de ejecución simultánea del mismo servicio público con otra Administración Pública. A estos efectos, serán necesarios y vinculantes los informes previos de la Administración competente por razón de materia, en el que se señale la inexistencia de duplicidades, y de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera sobre la sostenibilidad financiera de las nuevas competencias.*

En todo caso, el ejercicio de estas competencias deberá realizarse en los términos previstos en la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas.”

5.- Por outro lado, o artigo 27 da LRBRL contempla unha serie de competencias que poden ser obxecto de delegación, entre elas, a creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil (art 27.3 e). Delegación que deberá de ir acompañada da correspondente financiación.

6.- A Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, na súa disposición adicional cuarta establece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

7.- Como xa se indicou, a Lei galega 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación dispón no citado artigo 69, apartado cinco, que o réxime de cofinanciación será aplicable aos convenios subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable as entidades locais que non teñan convenio firmado pero respecto das cales o Consorcio teña asumido ou asuma a xestión dos centros ubicados no territorio de ditos concellos.

Compre sinalar que o Concello de Vigo xa asume o custo da xestión de oito escolas infantís. No seguinte cadro se indican os custes dos contratos de xestión das escolas municipais actualizado a xaneiro 2021:

Escola	Importe anual
EIM Atalaia-Teis	175.989,00
EIM Sta. Cristina-Lavadores	269.060,00
EIM Costeira-Saiáns	269.060,00
EIM Sta. Marta-Casco Vello	186.900,00
EIM Tomás Alonso	249.405,59
EIM Bouzas	246.515,59
EIM Mestres Goldar-Castrelos	181.572,22
EIM Navia	166.260,00

Das escolas relacionada as escolas EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia foron creadas despois das modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sustentabilidade da Administración Local, polo que se solicitou á Xunta de Galicia autorización para o inicio das actividades das novas escolas infantís, remitindo o Concello informe da Intervención municipal sobre a sustentabilidade financeira da nova actividade.



Concello de Vigo

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dictou sendas resolucións, ambas do 4 de marzo de 2016, polas que se concede autorización para a creación e para o inicio de actividades das indicadas escolas infantís.

A prestación polo Concello de Vigo do servizo de escolas infantís (0-3 anos) mediante as oito escolas que conforman a Rede Municipal de Escolas Infantís, supón un importante esforzo económico polo que, atendendo ao réxime de competencias legalmente establecido e aos principios de equilibrio orzamentario e sustentabilidade financeira, non parece que a administración autonómica poida esixir, a maiores, o financiamento de servizos competencia da propia administración autonómica .

8.- Así as cousas e tendo en conta a anterior fundamentación xurídica, o réxime de cofinanciamento establecido polo artigo 69 da Lei Galega 2/2017 é contrario á Constitución e contravén a Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas (LOFCA) que non prevé coma fonte de financiamento das CC.AA a detracción de ingresos das entidades locais. A actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estimase contraria aos principios de estabilidade orzamentaria, principio de sustentabilidade financeira, principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a regra de gasto, todos eles recollidos nos artigos 3, 4, 7 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

9.- Tendo en conta a interposición do requirimento de anulación ou revogación con carácter previo a interposición de recurso contencioso-administrativo, e vista a fundamentación recollida no mesmo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non debería continuar remitindo estas liquidacións en tanto non resolva sobre a anulación ou revogación das primeiras liquidacións, dado que de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todo los procedementos.

É competente para acordar a interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no artigo 127.1.j) da LRBRL (L.7/1985) e no apartado primeiro punto 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18-06-2019 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que corresponde a este órgano colexiado o *«exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas»*.

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 9 de decembro de 2020 do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se aproban as seguintes liquidacións correspondente coa metade da contía anual do ano 2020 (doc. Rexistro núm 200259903):

- 2ª Liquidación definitiva núm. 710-2020, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (39 prazas x 750 €/praza) por importe de 29.250,00 €.
- 2ª Liquidación definitiva núm. 711-2020, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(26).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTES, SANIDADE, CONSUMO E LABORATORIO DENDE O 1 DE MAIO AO 30 DE SETEMBRO DE 2020. EXPTE. 15007/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local de 18 e 26 de xuño de 2019, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Laboratorio autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable do 1 de maio ao 30 de setembro de 2020.

EXPTE.	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
14775/306	Subministro de varios carteis de impresión, estruturas de madeira deteriorados nos espazos naturais MA	Novocontorno, SL	15.059,79 €
14948/306	Subministro Material publicitario para campaña Camiño a Camiño	Desarrollo Gráfico Publicitario, SL	2.819,30 €
14746/306	Mantemento e actualización licenza Cadna Mapa de ruído	Sound of Numbers, SL	2.321,75 €
14802/306	Organización e execución de actividades de voluntariado ambiental, voluntariado con cans e voluntariado de hortas	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	8.500,25 €
14837/306	Sinalización tránsito peonil no paseo praia Samil para garantir distanciamento Covid-19	Api Movilidad, S.A.	9.292,80 €
14856/306	Subministración de paneis informativos para o Covid-19	Novocontorno, SL	3.025,22 €
14804/306	Limpeza diaria da caseta sanitaria situada no areal de Fortiñón	Espasani-Vigo SL	4.943,62 €
14758/306	Estudo e deseño dun proxecto de separación de usuarios nas praias para garantir as medidas e evitar contaxio Covid-19	Soltec Ingenieros, SL	12.608,20 €



Concello de Vigo

14969/306	Organización e execución de actividades día mundial das praias, accións de voluntariado medioambiental	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	2.700,00 €
8197/302	Subministro mamparas OMIC COVID-19	Rotulos Tecnogal, S.-L.U	556,00 €
8308/302	Actividade formativa seis obradoiros sobre economía circular	The Wild	2.057,00 €
8371/302	Obradoiros formativos a consumidores e usuarios sobre o fomento consumo responsable de produtos locais	Cerquiño Sociedad Coop. Galega	3.025,00 €
18374/310	Subministro máscaras para atencións protocolarias	Ediciones y Producciones Empresariales, SAU	1.016,10 €
18073/310	Limpeza de fincas insalubres, xestión da biomasa, vivendas insalubres en execución forzosa de forma subsidiaria	Alnur Medioambiente, SL	14.520,00 €
5075/313	productos varios de hixiene, limpeza e augas para persoal servizo de Desinfeccion	Mercash Sar, SLU	1.500,00 €
5128/313	Adquisición de mascarillas desbotables para o persoal do parque de Desinfección	Subministros Punto Fijo, SL	2.891,32 €
5104/313	Servizo de mensaxería	Seur	200,00 €
5102/313	Raticida e xel hidroxienizante	Zeinova Zeltia, SA	4.093,43 €
5084/313	Raticidas, insecticidas e desinfectantes	José Collado, SA	1.353,60 €
5079/313	Raticidas, insecticidas e desinfectantes	Killgerm, SA	1.553,63 €
5082/313	Raticidas, insecticidas e desinfectantes	Agrodex, SA	1.571,24 €
5127/313	Raticidas, insecticidas e desinfectantes	GMB Internacional, SA	2.909,63 €
5101/313	Servizo de limpeza de batas	Mª Esther Costas Mera	300,00 €
5109/313	Servizos Informe homologado calibración pipetas	Mettler Toledo, SA	1.600,00 €
5064/313	Calibración Autoclaves con actualización de Software	Selpalab, SL	464,64 €
5103/313	Validación de Cabinas	Comercial Hospitalaria Grupo-3, SL	181,50 €
5064/313	Actualización del Software de los autoclaves	Selpalab, SL	361,18 €
5112/313	Xestión de residuos perigosos	Hisanta, SL	2.000,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(27).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 48949/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de outubro, novembro e decembro de 2020.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
48773/446	CMSUB S	Subministro de maquinaria para o Servizo	Almijocar, SCG e Fernando Martínez Cameselle	1710.6230018	16/12/2020	5.206,34 €
48758/446	CMSUB S	Subministro de destrutora de papel	Carlingal, SL	1710.6290000	02/12/2020	664,29 €
48661/446	CMO	Obras de reparación e mantemento das instalacións da fonte central dos xardíns da Praza de Compostela	Demain Obras y Servicios, SL	1710.6190003	03/12/2020	48.330,24 €



Concello de Vigo

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
48717/446	CMSUB	Adquisición de xardineiras	Escofet 1886, SA	1710.6090000	23/11/2020	15.721,53 €
48636/446	CMSUB	Subministro bolsas lixo	Fugaplast, SL	1710.2219901	20/11/2020	3.000,00 €
48754/446	CMSUB	Subministro de áridos	Garciventa, SL	1710.2100000	01/12/2020	18.000,00 €
48772/446	CMSUB	Subministro de titores de madeira	Garciventa, SL	1710.2100000	15/12/2020	10.000,00 €
48749/446	CMSUB	Subministro de sillares de granito	Granichan, SL	1710.6090000	03/12/2020	7.683,50 €
48748/446	CMSUB	Subministro de mobiliario urbano	Grupo Electro Stocks, SL	1710.6090000	11/12/2020	17.825,72 €
48750/446	CMSUB	Subministro de materiais de reparación fontes ornamentais	Grupo Electro Stocks, SL	1710.2120000	16/12/2020	13.256,52 €
48743/446	CMSUB	Subministro de elementos de xogo para parques infantís	HPC Ibérica, SA	1710.6190015	11/12/2020	17.998,42 €
48765/446	CMSUB	Subministro de elementos eléctricos para a legalización de instalacións de rega	IMESAPI, SA	1710.2100000	04/12/2020	8.470,00 €
48728/446	CMO	Reparación dos estanques de Navia	Lapatian, SL	1710.2100000	25/11/2020	46.370,54 €
48555/446	CMS	Reparación de peches metálicos no parque de castrelos	Padinsa Salnés, SL	1710.2100000	18/11/2020	16.058,94 €
48718/446	CMO	Obras de reforma en praza interior na zona verde de Rivera Atienza	Reforwood, SL	1710.6190003	03/12/2020	47.964,40 €
48635/446	CMS	Retirada e xestión de residuos vexetais	Rial González, Francisco Javier	1710.2100000	19/11/2020	18.000,00 €
48756/446	CMSUB	Subministro de rede antiesvaramento para paseos de madeira en zonas verdes	Servizos Externos Premium Plus, SLU	1710.2100000	16/12/2020	5.657,66 €
48757/446	CMSUB	Subministro de sofá de deseño vigués	Sirvent, SL	1710.6090000	03/12/2020	2.395,80 €
48665/446	CMSUB	Subministro de mamparas de metacrilato	Visual Graphics Imagen y Publicidad, SL	1710.2269900	04/11/2020	1.656,11 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(28).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DE 2020. EXPTE. 10166/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/21, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o cuarto trimestre de 2020**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para o desenvolvemento do VI PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA:

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9735	RC complementario para limpeza de pintadas e grafitis sobre elementos de interese patrimonial	CLINARTE B363XXX72	2220,63
10004	Subministración de material sanitario para a adopción de medidas de protección persoal fronte ao covid19 para o servizo de Patrimonio Histórico e dos equipamentos xestionados por éste ata final de ano	GARCIVENTA B367XXX70	4797,71
10029	Reparación de danos e desperfectos nas vivendas castrexas do xacemento arqueolóxico de O Castro de Vigo	ALMA, ecocultura e patrimonio B277XXX60	15220,59
10033	Traballos de limpeza e mantemento da Mina de Neptuno situada na rúa II República	Herminia Rodríguez Pérez 455XXX30C	3682,10
10048	Redacción do proxecto de intervención arqueolóxica na mámoa Casa dos Mouros, en Candeán	Santiago Vázquez Collazo 327XXX76M	1178,54
10052	Inspección e avaliación da seguridade das galerías da fortaleza de O Castro	Reboreda Martínez Antonio B369XXX41	17303
10049	Contratación do artista Pelucas para decoración dos muros do espazo polideportivo municipal sito na rúa Romil	Carlos Gómez Martín 361XX-X59Q	6090
10058	Desenvolvemento das actuacións preparatorias para o VII programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	Alejandro Luis Sánchez 361XXX24C	7260
10005	Intervención (poda e saneamento controlado) de arborado no xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos e do xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla	VIVEIROS ADOA SL	14760,79
10073	Concerto para o acto de inauguración da posta en valor da muralla-fortaleza de O Castro de Vigo	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO G366XXX22	500
10080	Redacción do proxecto básico e de execución das obras de derruba da cafetería da muralla de O Castro de Vigo	Antonio Iglesias Álvaro Gra-cia 026XXX90F	5929



Concello de Vigo

10099	Redacción do proxecto técnico das obras de escavación no xacemento arqueolóxico	Ángel J. Santorio Cuartero 531XXX49C	1996,50
10116	Mantemento das zonas de interese patrimonial adscritas a Patrimonio Histórico durante o mes de decembro de 2020	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL B367X-XX84	8005,83
10108	Material de reposición para reparación de pasos de madeira nos xacementos arqueolóxicos da villa romana de Toralla e de O Castro de Vigo	GARCIVENTA B367XXX70	2801,40

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(29).-PROPOSTA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE POLICÍA LOCAL, OEP 2010-2011. EXPTE. 36953/220

Visto o informe de fiscalización do 14/01/21, dáse conta do informe-proposta do 13/01/21, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de Admón. Xeral (instrución 8/01/21) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019, expte. 33890/220, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a prazas vacantes de Policía, entre outros, o aspirante D. M.L. Cabaleiro Guerreiro, NIF ***9050**, tomando posesión con data 22 de abril de 2019.

Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 25 de febreiro de 2019, DOG núm. 48 de 8 de marzo de 2019, foi convocado un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da Policía Local. Dito curso comenzo o día 22 de abril de 2019 e rematou o 30 de decembro do mesmo ano, tras a realización do curso teórico (22/04/19 a 12/07/19 e, 02/09/19 a 15/11/19) e os correspondentes períodos de prácticas (13/07/19 a 01/09/19 e, 16/11/19 a 30/12/19).

Rematado o referido curso, con data 06 de febreiro de 2020, a Academia galega de Seguridade Pública, informa desfavorablemente, entre outros, o nomeamento do aspirante Sr. Cabaleiro Regueiro, por non superar o curso selectivo previsto nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/02/2020, de conformidade co informe da Academia Galega de Seguridade Pública, acordo comunicar novamente a AGASP a acreditación das prácticas realizadas polo funcionario en prácticas D. M.L. Cabaleiro Guerreiro a efectos de que por ésta se proceda a súa avaliación previa ao nomeamento como funcionario de carreira.

Con data 12/01/2021, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), en documento 210004003, rexistrado na Plataforma ORVE en data 12/01/21, anexado ao expediente, comunica a éste concello que o referido funcionario en prácticas, "entre os días 1 de agosto a

21 de outubro de 2020 realizou as prácticas que non tiñan sido realizadas no período regular, polo que en consecuencia “**superou o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia**, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019”.

II - Consideracións legais :

O artigo 35 da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, indica que o modo de ingreso na categoría de policía realizase polo sistema de oposición libre, e require ademais da superación das probas selectivas, aprobar un curso de formación na AGASP e superar un período de prácticas.

O artigo 19 do decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais textualmente di “*unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como funcionario de carreira e a toma de posesión na prazo ou posto concreto*”.

En consecuencia procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

III - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019, 26/06/2019, 02/09/2019 e 17/08/2020 e acordos da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, 04/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, asinado pola técnica de administración xeral adscrita a ésta Área (instrución de 08/01/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO:** Nomear **funcionario de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011, ao funcionario en prácticas, **D. M.L. Cabaleiro Regueiro, con DNI ***2935****, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 13 de febreiro de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(30).-PROPOSTA DE AXUSTE DE ANUALIDADES EN RELACIÓN Á CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A REDACCIÓN E IMPLANTACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 386/2202.

Visto o informe de fiscalización do 23/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/12/2020, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, a técnica de Admón. Xeral (instrución 3/12/2020) a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, Isabel Cabeza Pereiro, técnica de Prevención de Riscos Laborais do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo, coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emite informe en data 7/09/2018 da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación dun servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro, en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no R.D. 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poden dar orixe a situacións de emerxencia, e o DECRETO 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia

Con data 07/09/2018 o Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consisten-

te na contratación dun servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro.

En data 22/03/2019 a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da adxudicación da contratación do servizo para a redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola municipal de teatro.

O contrato asinouse o 04/04/2019 por un período de dous anos, ata o 03/04/2021.

Segundo consta no acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/03/2019 o prezo total do contrato é de 23.019,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.995,04 euros., que de acordo co establecido no punto 11 das FEC Réxime de Pagamento, que recolle que por cada servizo prestado dos indicados no punto 3.G da FEC poderá presentar a factura correspondente conforme ao prezo estipulado coa aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario. Tendo en conta o prezo do contrato, estes prezos unitarios son:

Para o primeiro ano de contrato:

Nesta primeira parte realizaranse para cada servizo:

-Elaboración do informe de situación inicial

-Elaboración do PAU + visado no Colexio Oficial + redacción consignas para contratas + elaboración e colocación de planos

-Impartición da formación inicial e de adestramento a membros dos equipos de emerxencia + preparación e realización de simulacro + informe de simulacro:

Total para o primeiro ano de contrato: 15.652,96 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.287,12

Para o segundo ano de contrato:

-Revisión / actualización informe de situación inicial

-Actualización do PAU + visado no Colexio Oficial + actualización consignas para contratas (se procede) + elaboración e colocación de planos (se procede)

-Impartición da formación de reciclaxe e adestramento a membros dos equipos de emerxencia + preparación e realización de simulacro + informe de simulacro

Total para o segundo ano de contrato: 7.366,10 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.546,88

Segundo informe emitido pola técnica de prevención de riscos laborais, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, de data 03/05/2019, tendo en conta o anterior, e que a previsión era que o traballo correspondente ao segundo ano de contrato se rematase antes de finalizar decembro de 2020, o reparto de anualidades era:

- 2019 – 15.652,96 € (IVE incluído)
- 2020 – 7.366,10 € (IVE incluído)



Concello de Vigo

Con todo, neste ano 2020, a pandemia imposibilitou a realización dos traballos correspondentes á segunda anualidade, que é previsible poderán executarse antes da finalización do contrato o 03/04/2021, polo que se fai necesario o reaxuste de anualidades do contrato, pasando a cota correspondente do ano 2020 ao 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade co artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e ao Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia, o concello de Vigo debe ter redactados e implantados os plans de autoprotección dos centros obxecto do exp. 386/2202.

2.- O expediente de contratación iníciase e tramítase de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3.- En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 710/2202 ás necesidades reais.

A vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidades

- 2019: 15.652,96 € (IVE incluído)
- 2020: 0 €
- 2021: 7.366,10 € (IVE incluído)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(31).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 2927/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de DECEMBRO e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2765/341. Complementario por ampliación do contrato dos servizos de mantemento preventivo dos elevadores en museos e centros expositivos adscritos á Área de Cultura para unha revisión mensual. ADM 75835.	11/12/2020	393,25
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6918/337. Subministración da publicación "Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos". GRÁFICAS ANDURIÑA, SCG. RMC 74493.	23/12/2020	7.072,00

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(32).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2021. EXPTE. 2896/341.

Visto o informe xurídico do 07/01/2021 e o informe de fiscalización do 13/01/2021, dáse conta do informe-proposta do 05/01/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 3 de decembro de 2020 a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, con CIF: G36855310, solicita a través do Rexistro Electrónico o financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € para levar a cabo o seu programa de funcionamento relativo ao ano 2021, como aportación á Fundación Liste.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (en diante Fundación Liste) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2020 por importe de 125.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30 de xaneiro de 2020. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 16 de mar-



Concello de Vigo

zo, 20 de abril de 2016, 20 de xaneiro de 2017, 7 de febreiro de 2018, 7 de marzo de 2019 e 23 de xaneiro de 2020.

Dos informes do Servizo de Fiscalización, anteriores fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2021:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Liste é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Liste reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2021 ten previsto financiarse nun 92,25 % polo Concello de Vigo.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 tamén aplicables a 2021, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Liste é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Liste debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste, Fundación Laxeiro): "podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral".

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deberan suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben a capacidade fiscalizadora, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Liste non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase

adecuado por analogía o que establece instrución do 21 de xuño de 2019 do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda para as fundacións que forman parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo (expediente 104/143): Unha primeira achega antes do 10 de xaneiro de 2021, neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local, unha segunda achega antes do 10 de abril de 2021, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2021, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2021.

Fundación Liste.-

A Fundación Liste promóvese polo Concello de Vigo e por D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998. A Fundación Liste, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades

- a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).
- b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;
- c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

Composición do Padroado da Fundación.-

Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D^a Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D^a Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeada polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).
- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

Composición actual do Padroado da Fundación Liste.-

Presidenta.- D^a. Araceli Liste Fernández (de acordo co art. 15.2. dos Estatutos da Fundación); polo pasamento de D^a Josefina Fernández Mosquera

Vicepresidente.- Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-



Concello de Vigo

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: D. Abel Losada Álvarez, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e D. Rafael Vallejo Pousada.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio): D^a Victoria Vázquez López, D. Atreo Francisco Lozano Liste (designado pola familia no cupo que lle corresponde) e D. J. Carlos Martín Marcos (proposto pola Presidenta coa aceptación no seu momento do resto dos membros presentes)
- c) Un representante da Xunta de Galicia, pendente de designación.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D. Enrique Ares Gómez.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2021 do Museo Liste:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 3 de decembro de 2020 xunto coa seguinte documentación:
 - Certificación da Aprobación do Programa de Actividades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2021, na súa do Padroado do día 2 de decembro de 2020.
 - Programa de Activades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2021.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo, de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2021 DA FUNDACIÓN LISTE.-

Na documentación achegada pola Fundación Liste inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2021, que ascende a un total de 135.500,00 €.

Gastos. - A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

1. Gastos de persoal Fundación Liste: 107.936,00 € (79,66%)
2. Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministro, comunicacións, outros): 20.067,00 € (14,81%)
3. Gastos financeiros e asimilados: 380,00 € (0,28%)
4. Gastos actividades didácticas e difusión Museo Liste: 7.117,00 € (5,25%)

Ingresos. - A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (92,25%)
- Resultado de explotación do Museo: 4.500 € (3,32%)
- Ingresos de promocións, Patrocinadores e colaboracións: 6.000,00 € (4,43%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación Marco e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, a seguinte: *"e) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados."*

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Liste vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Liste; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueira, financiada pola administración.

Coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, e concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2021, para a Fundación Liste, de acordo co seguinte calendario:

- Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2021, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2021, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).
- Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2021, por importe de 31.250,00 € (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste", que figura no orzamento de 2021 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, entre outras, a seguinte: "e) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados."

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Liste complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Liste:

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Liste consistirán na conservación, promoción, estudo e defensa do patrimonio etnográfico galego e a súa utilización como instrumento de aprendizaxe, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Liste prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Liste na súa sesión do 2 de decembro de 2020.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Liste, aprobado polo seu Padroado con data 2 de decembro de 2020 ascende a 135.500,00 €, que a Fundación Liste financiará do seguinte xeito:

- ▣ Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (92,25%)
- ▣ Resultado de explotación do Museo: 4.500 € (3,32%)
- ▣ Ingresos de promocións, Patrocinadores e colaboracións: 6.000,00 € (4,43%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Liste, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Liste, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Liste e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Liste é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Liste adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.



Concello de Vigo

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MUSEO LISTE (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE.-

A Fundación Liste achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LISTE.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Liste; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Liste, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Liste,

o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Liste
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Liste de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Liste deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

A Fundación Liste deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Liste de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.



Concello de Vigo

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(33).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2021. EXPTE. 2912/341.

Visto o informe xurídico do 07/01/21 e o informe de fiscalización do 12/01/21, dáse conta do informe-proposta do 05/01/21 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de decembro de 2020, a través do Rexistro Electrónico, a Fundación Laxeiro, CIF G36852358, presentou solicitude de transferencia de financiamento para programa de actividades e funcionamento no exercicio 2021, asinada polo Secretario Xeral da Fundación.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Laxeiro xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2020 por importe de 80.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 20 de febreiro de 2020 (expte 2694/341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 2 de maio de 2016, 6 de marzo de 2017, 7 de febreiro de 2018, 21 de febreiro de 2019 e tamén 11 de febreiro de 2020.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2021:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.

- A Fundación Laxeiro é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Laxeiro reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2021 ten previsto financiarse nun 67,51 % polo Concello de Vigo, nun 12,66% pola Xunta de Galicia e nun 10,13% pola Deputación de Pontevedra; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 a 2020, tamén aplicables a 2021, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Laxeiro debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Marco): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

As bases de execución do presuposto non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben a capacidade fiscalizadora, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral. Como a Fundación Laxeiro non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado por analogía o que establece instrución do 21 de xuño de 2019 do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda para as fundacións que forman parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo (expediente 104/143): Unha primeira achega antes do 10 de xaneiro de 2021, neste caso tralo acordo Xunta de Goberno Local, unha segunda achega antes do 10 de abril de 2021, unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2021, e unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2021.

FUNDACIÓN LAXEIRO.-

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio suscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:



Concello de Vigo

- *O Concello de Vigo e a familia Laxeiro comprométense e obríganse a constituír a Fundación Laxeiro, que terá como obxecto o de promover, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza relacionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.*
- *“As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).*
- *A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.*
- *O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).*

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- a) *“De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*
- b) *De tres a cinco membros designados por D^a María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- c) *Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- d) *Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- e) *Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- f) *Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- g) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- h) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- María Cruz Otero Villamarín (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello de Vigo).- Segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Abel Losada Álvarez, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Cayetano Rodríguez Escudero, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, Guillermo Martínez Castro. Nomeamentos 23/02/1999.

Representante do Concello de Lalín.- D. José Crespo Iglesias. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 28/06/19 ; Suplente: Dna. Begoña Blanco Blanco.

Representante da Xunta de Galicia.- D. Román Rodríguez González. Documento da Consellería de Cultura de data 17/02/2015. Vogal Suplente: Anxo Manuel Lorenzo Suárez (por compadecencia ante o Protectorado 19/09/18

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- Dna. Ana Laura Iglesias González. Resolución de 29 de xullo de 2019.

Vogal, presenza en Madrid.- Vacante. Na pasada reunión do 22 de xaneiro de 2019, aprobouse que D. Guillermo Martínez Castro, pasara do grupo b a vogal con presenza en Madrid e nomear vogal do grup B a D. Xosé María Barreiro Gómez

Vogal, presenza en Bruxelas.- Vacante. Na pasada reunión do 22 de xaneiro de 2019, propónse o nomeamento de D. Francisco Xavier Vázquez Álvarez, sendo aprobado na reunión de 12 de decembro de 2019..

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

Declaración de interese cultural e interese galego.

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Laxeiro ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2021:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 80.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 17 de decembro de 2020.
- Programa de actividades e Presupostos da Fundación Laxeiro para o ano 2021, aprobado na sesión do Padroado de 15 de decembro de 2020.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes, que aporta a Fundación Laxeiro, con data 8 de setembro:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.



Concello de Vigo

- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- A Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2021 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2021, aprobada en reunión do seu Padroado do 15 de decembro de 2020, que ascende a un total de 118.500,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Persoal: 85.944,00 € (72,53%)
- Gastos administración 6.000,00 € (5,06%)
- Gastos programación exposicións: 20.000,00 € (16,88%)
- Gastos investigación/outros: 6.556,00 € (5,53%)
(investigación, divulgación, conservación e restauración C. Permanente)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (67,51 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,66%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (10,13%)
- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 11.500,00 € (9,70%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Laxeiro víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a través do propio acordo de concesión, que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá entre outras, a seguinte: “e) *en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*”

Coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de 80.000 € (oitenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2021, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha segunda achega antes do 10 de abril de 2021*, por importe de 20.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2021*, por importe de 20.000,00 € (25% do importe concedido).
- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2021, por importe de 20.000,00 €* (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2021 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego entre outras, a seguinte: "e) *en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da utilización parcial da Casa das Artes, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, investigación, divulgación, conservación e restauración C. Permanente..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 15 de decembro de 2020.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 15 de decembro de 2020 ascende a 118.500,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (67,51 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,66%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (10,13%)



Concello de Vigo

- Autofinanciamento (doazóns, vendas, outros): 11.500,00 € (9,70%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego.

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura e Emprego, para que os elementos sexan financiábeis.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada da Área de Cultura e Emprego do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación La-



Concello de Vigo

- xeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
 - e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con antelación á súa realización.
 - f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
 - g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concelleira-delegada de Cultura e Emprego, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras transferencias, subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada

Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(34).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA O FINANCIAMENTO DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL AO ABEIRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS (1º SEMESTRE-2021). EXPTE. 3679/330.

Dáse conta do informe xurídico do 07/01/21 e o informe de fiscalización do 15/01/21, dáse conta do informe-proposta do 28/12/20, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Económicas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, o vixente decreto de delegación de competencias na Área de Cultura establece as seguintes atribucións:

"11. A promoción, difusión e extensión da Cultura en calquera das súas manifestacións.

12. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

O día 26 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de vigo delegou nos concelleiros-delegados, entre outras as seguintes competencias:

"5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da compe-



Concello de Vigo

tencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos."

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este primeiro semestre do ano 2021, contéplanse un total de 17 contratos (con dúas funcións cada un) de espectáculos diferentes que suporían un total de 108.933,55 €. Estes contratos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do primeiro semestre de 2021. Trátase de programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificando á Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (33.752,39 €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906 "programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2021 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no

ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia. A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o segundo semestre para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Por todo isto, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación de artes escénicas do primeiro semestre do ano 2021 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2021.

Santiago de Compostela

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da



Concello de Vigo

Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez, representante de CONCELLO DE VIGO en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo.
2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".
3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".
4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.
6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.
7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O CONCELLO DE VIGO e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofrecendo unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2021.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2021 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no plan estratéxico dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, seguindo as



Concello de Vigo

normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas de Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 108,933.55 euros, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará cunha achega de 33,752.39 euros, impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2021. Este convenio tramitarase como anticipado de gasto e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

O CONCELLO DE VIGO colaborará coa cantidade restante de 75,181.16 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste con-

venio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:

PI	INVENTI TEATRO	A gran viaxe	05-02-2021	Rúa do Príncipe	1,400.00 €	1,400.00 €
PI	INVENTI TEATRO	A gran viaxe	06-02-2021	Rúa do Príncipe	2,100.00 €	280.00 € + 15 % bill.
PA	Diana Mera Estévez	SOGA E CINSA	19-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	3,850.00 €	3,850.00 €
PA	Diana Mera Estévez	SOGA E CINSA	20-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	5,775.00 €	770.00 € + 15 % bill.
PA	Anómico Teatro	Anxos abandonados en mosaicos despois do combate	26-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	900.00 €	900.00 €
PA	Anómico Teatro	Anxos abandonados en mosaicos despois do combate	27-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,350.00 €	180.00 € + 15 % bill.
PI	Higiénico Papel Teatro	RIQUETE EL DEL COPETE	28-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,300.00 €
PI	Higiénico Papel Teatro	RIQUETE EL DEL COPETE	28-02-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,805.00 € + 15 % bill.
PI	Companyia La Tal	ITALINO GRAND HOTEL	07-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,815.00 €	1,815.00 €
PI	Companyia La Tal	ITALINO GRAND HOTEL	07-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	2,722.50 €	363.00 € + 15 % bill.
PA	ButacaZero	32m2	12-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,452.00 €	1,452.00 €
PA	ButacaZero	32m2	13-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	2,178.00 €	290.40 € + 15 % bill.
PI	La Canica	ORFEO	14-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,500.00 €
PI	La Canica	ORFEO	14-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,125.00 € + 15 % bill.
PA	Redrum Teatro	O mozo da última fila	19-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	2,299.00 €	2,299.00 €
PA	Redrum Teatro	O mozo da última fila	20-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	3,035.89 €	872.41 € + 15 % bill.
PI	Eme2 emoción&arte	SEMENTE. O home que plantaba árbores	21-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	700.00 €	700.00 €
PI	Eme2 emoción&arte	SEMENTE. O home que plantaba árbores	21-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,050.00 €	140.00 € + 15 % bill.
PA	La Escalera de Tijera	Celestina la TragicLOWNmedia	26-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,599.75 € + 15 % bill.
PA	La Escalera de Tijera	Celestina la TragicLOWNmedia	27-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	4,235.00 €
PI	Rilo & Penadique	Arrerrú (Bebés)	28-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	968.00 €
PI	Rilo & Penadique	Arrerrú (Bebés)	28-03-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	822.80 € + 15 % bill.



Concello de Vigo

PA	Malasombra Producións	SÓS	09-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,904.00 €
PA	Malasombra Producións	SÓS	10-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,468.40 € + 15 % bill.
PA	Sarabela Teatro	A Lingua das Bolboretas	16-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	4,100.00 €
PA	Sarabela Teatro	A Lingua das Bolboretas	17-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,485.00 € + 15 % bill.
PI	Os Náufragos	ONDE VIVEN OS MONSTROS	18-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,250.00 €	1,250.00 €
PI	Os Náufragos	ONDE VIVEN OS MONSTROS	18-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	1,875.00 €	250.00 € + 15 % bill.
PA	La Macana	PINK UNICORNS	23-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,600.00 €
PA	La Macana	PINK UNICORNS	24-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,060.00 € + 15 % bill.
PI	Paula Quintas · Traspediente	Nina Ninette	25-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,410.00 €
PI	Paula Quintas · Traspediente	Nina Ninette	25-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,898.50 € + 15 % bill.
PA	NOVA GALEGA DE DANZA	LEIRA Nova Produción	30-04-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	6,534.00 €
PA	NOVA GALEGA DE DANZA	LEIRA Nova Produción	01-05-2021	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	5,553.90 € + 15 % bill.
				Total:	33,752.39 €	75,181.16 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do **31 de agosto de 2021** electronicamente, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web: <https://sede.xunta.gal/>

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

-Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Os documentos de gasto das actividades levadas a cabo deberán ter como data límite o 31 de agosto de 2021. No caso de non estar aboadas todas as facturas, presentarase o recoñecemento da obriga e/ou documento de gasto comprometido pola entidade das actividades levadas a cabo e deberá ter como data límite o 31 de agosto de 2021.

-Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio.

-Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

-Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- 50% trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.

- 50 % ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sétima,- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2021.



Concello de Vigo

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestímulo con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.-Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda .- Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa

normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio. E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

13(35).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A URZÁIZ". EXPTE. 4834/443.

Visto o informe de fiscalización do 15/01/21, dáse conta do informe-proposta do 14/01/2021, asinado pola técnica de xestión Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 12.05.2020 o Consello da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo resolve autorizar o gasto para a redacción do proxecto de "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTEA A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ" a favor da empresa FRAGA, G.QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS, S.L.P.

II.- A devandita empresa presenta borrador do proxecto de "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ", redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuán e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS CÉNTIMOS (424.248,52 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 09.10.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 13.10.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Urzaiz, encontro coa Vía Norte e praza da estación e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir.

- Previo a retirada de mobiliario urbano, e desmontaxe de elementos a recuperar, procederase a efectuar as demolicións correspondentes, ata deixar o espazo de obra totalmente liberado. De seguir efectuarase a correspondente escavación, estudio do terreo e a execución de cimentación a base de micropilotes, posterior execución de encepados e vigas de coronación de formigón armado, caixón de ascensor no tramo inferior a base de muro de formigón armado, pilares circulares e lousa de formigón, no enrrose coa rúa Urzaiz, así como ramplas de escaleira para comunicación co centro vial, posterior estrutura metálica para a dotación de ascensor panorámico, con capacidade para 13 persoas, para salvar os desniveles dende a praza da estación, ata a rúa Urzaiz con parada intermedia. Con preinstalación de servizos de control e vixilancia.
- Dotación de rede de evacuación de augas pluviais e canalización ata a rede existente, previsión de rede alumeado, e rede eléctrica coas canalizacións soterradas previas, tanto para alumeado como dotación do aparello elevador, previsión de renovación de aire tanto na cabina do elevador como na súa envolvente.
- Posterior pavimentación do novo espazo xerado no encontro da rúa Urzaiz e Vía Norte a base de granito gris alba, asentado sobre mortero de cemento y area, acabados a base de forrado de muro con listons de madeira de eucalipto con tratamento a o exterior, zonas axardinadas e mobiliario determinado no proxecto, así como a reposición dos servizos que resulten afectados.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 12.01.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de ámbito de solo urbano, tratase de unha mellora de accesibilidade na zona, dita actuación efectúase sobre espazo público e non xera ningún tipo de aproveitamento lucrativo, estando en consonancia coas ordenanzas municipais. Segundo informe do departamento de patrimonio histórico de data 21/10/20, as obras propostas atópanse fora das zonas de protección arqueolóxica, arquitectónica ou etnolóxica.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZAIZ”, redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuán e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS CÉNTIMOS (424.248,52 €) e sinatura dixital de data 23.12.2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(36).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE TURISMO DURANTE OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 7827/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/01/21, asinado pola xefa do Servizo de Turismo (Resolución 28/10/2019) e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, M^a Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2020, que se relacionan deseguido:

7748-104 (N) CM Servizo para Edición de guías e deseño de folleto Cíes así como a impresión dos materiais 4320.2269900	RCM 64050 ADM 64535	17.540,46 €	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L. B36614808	2 MESES E 15 DÍAS
---	------------------------	-------------	--------------------------------------	----------------------

7750-104 (N) CM Servizo para Inserción publicitaria na Web e redes sociais do evento "Boot Camp" 4320.2279904	RCM 61039 ADM 62820	6.050,00 €	PEPITA-TERY PRODUCCIONES S.L. B27742105	1 MES
7762-104 (N) CM Subministros para a contratación de material promocional 4320.2260200	RCM 67981 ADM 70062	18.027,19€	EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES S.A. A36751287	1 MES
7764-104 (N) CM Subministros para a contratación de uniformidade das informadoras turísticas do CRV 4320.2210400	RCM 70136 ADM 71946	2.835,03 €	ANGEL BARREIRO MAGALLANES 78735884F	1 MES
7767-104 (N) CM Subministro de bandeiras identificativas do CRV 4320.2269900	RCM 70549 ADM 71957	239,51 €	CORPORACIÓN DE COMUNICACIONES S.L. B36700201	1 MES
7768-104 (N) CM Servizo para revisión dos extintores do CRV 4320.2269900	RCM 70550 ADM 71961	51,54 €	EXTINTORES SENCO VIGO S.L. B27744820	1 MES
7770-104 CM Servizo para inserción promocional na Guía Go dun "Nadal Seguro" 4320.2279904	RCM 71745 ADM 72265	847,00 €	GRUPOGO EDICIONES S.L. B09437476	1 MES
7774-104 CM Servizo para inserción publicitaria da campaña "Vigo Nadal SeguroÇ" no diario "65y más" 4320.2260200	RCM 74183 ADM 76159	6.050,00 €	AGKAM STRATEGIES S.L. B88116447	1 MES
7782-104 CM Subministros para a contratación do programa de deseño "Creative Cloud" 4320.2090000	RCM 76673 ADM 76915	12.167,76 €	IE INFORMÁTICA ESPAÑOLA S.L	27 DÍAS
7789-104 CM Servizos para a contratación de video promocional vinculado á promoción turística	RCM 79814 ADM 80506	5.687,00 €	VIGOPOLIS S.L. B27846039	15 DÍAS
7792-104 CM Servizos para a contratación da renovación parcial do arquivo fotográfico e novos elementos da cidade	RCM 80291 ADM 80655	2.420,00 €	ALEJANDRO LAFUENTE LOPEZ 44808402D	10 DÍAS



Concello de Vigo

7798-104 CM Servizos para a contratación da distribución dun calendario para a promoción da cidade 4320.2279904	RCM 80292 ADM 80963 RCFUT 80964 ADM 3457	10.285,00 € 7.834,75 €	FARO DE VIGO S.A.U A36600815	5 DÍAS
--	--	-------------------------------	---------------------------------	--------

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(37).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS ANOS 2017-2018. EXPTE. 12814/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/21, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras e licenzas de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas de actividades:

Expediente 29641/422 (****406Y)	149,20 euros
Expediente 35545/422 (B****477)	214,35 euros

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

Expediente 63786/421 (****074P)	309,97 euros
Expediente 92629/421 (B****983)	143,00 euros
Expediente 92625/421 (B****983)	143,00 euros
Expediente 1770/426 (B****477)	84,11 euros
Expediente 65862/421 (****001B)	365,28 euros

Expediente 93079/421 (H****372)	267,92 euros
Expediente 94839/421 (B****983)	143,00 euros
Expediente 94834/421 (B****983)	143,00 euros
Expediente 94837/421 (B****983)	143,00 euros
Expediente 36286/421 (E****360)	524,36 euros
Expediente 89559/421 (B****170)	.175,12 euros
Expediente 95367/421 (H****721)	173,85 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(38).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE VIGOZOO NO PERÍODO DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 10788/612.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/21, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor e no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que: “ *A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

Polo tanto, a concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable, Nuria Rodríguez Rodríguez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Vigozoo da Concillería de Medio Ambiente e Vida Saúdable (funcional 3371), durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2020, que se relacionan deseguido:

EXPTE	ASUNTO	ADXUDIC.	DURAC	DATA	IMPORTE
10449-612	SUBMINISTRACIÓN DE PINTURAS PARA REFORMA INSTALACIÓN DE BÓVIDOS.-	INDUSTRIAS PROA, S.A. A-36.603.967	3 meses	07/10/2020	7.387,07 €
10575-612	SUBMINISTRACIÓN DE 3000 MASCARILLAS HIXIÉNICAS PARA PROTEXER AO PERSOAL DE VIGO-ZOO FRONTE A PANDEMIA DO COVID 19	ANA MARÍA COSTAS CARBAJAL. 36.110.751-S	1 mes	07/10/2020	762,30 € euros



Concello de Vigo

10576-612	SUBMINISTRACIÓN DE VIDROS LAMINARES DE 5 PARA COLOCACIÓN EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.	762,30 euros	DANIEL DEVESA FEIJÓO 76.868.453-S	1 mes	07/10/2020	651,44 €
10585-612	SUBMINISTRACIÓN DE DEZ FORRAXEIRAS PARA AS INSTALACIÓNS EXTERIORES DE VIGOZOO.-		GRUPANOR CERCAM- PO, S.A. A-81.486.797	1 mes	07/10/2020	682,29 €
10586-612	SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS PARA USO VETERINARIO.-		GALENO ESPECIALI- DADES VETERINA- RIAS, S.L. B-27.203.975	1 mes	7/10/20	2.625,88 €
10587-612	SUBMINISTRACIÓN DE AGULLAS ANESTÉSICAS PARA USO VETERINARIO.	2.625,88	GRUPANOR CERCAM- PO, S.A. A-81.486.797	1 mes	7/10/20	583,22 €
10596-612	SUBMINISTRACIÓN DE 8500 KGS. DE PALLA DE TRIGO EN PACA GRANDE.		CLUN COOPERATI- VAS LÁCTES UNIDAS, SCG. F-70.509.096	1 mes	9/10/20	701,25 €
10608-612	SERVIZOS DE REPARACIÓN DE TRABALLOS DE FONTANERÍA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.-		D. MANUEL EUGENIO CID RODRÍGUEZ. 36.038.908-R	2 meses	14/10/20	1.198,75 €
10617-612	SUBMINISTRACIÓN DE LEXÍA E BOBINAS DE PAPEL PARA DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.-		DARLIM, S.L. B-36.612.562	1 mes	16/10/20	377,35 €
10623-612	OBRA DE IMPRESIÓN DE FORMIGÓN EN 239 M2 DE PAVIMENTO DE VIGOZOO.		D. DIEGO PIMENTEL VILLAR.- GALIM- PRESS. 76.897.710-Q	1 mes	29/10/20	7.808,13 €
10624-612	OBRA DE FORMIGONADO DE 30 M3 DE CAMIÑOS		TRANSPORTES PA- BLO VAL, S.L. B-36.741.379	1 mes	30/10/20	3.066,97 €
10625-612	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE.	742,67 €	DÑA. NOELIA MANZA- NO HERRERO. 36.083.186-G	1 mes	2/11/20	742,67 €
10627-612	SERVIZOS DE REPARACIÓN ELÉCTRICA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS.		HERMAFER, S.L. B-36.618.841	2 meses	30/10/20	1.096,57 €
10628-612	OBRAS DE PINTADO DE INSTALACIÓNS.		MILCONS, S.L. B-32.253.288	2 meses	4/11/20	8.336,90 €
10637-612	SERVIZOS DE REPARACIÓNS ELÉCTRICAS EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.		ADILSON ALVES BER- NARDO. 55.169.237-B	2 meses	2/11/20	4.101,54 €
10648-612	SUBMINISTRACIÓN DE MADEIRAS PARA REPARACIÓN DE PECHES PERIMETRAIS DE BÓVIDOS E AVES.-		MADERAS DEL NORO- ESTE DE ESPAÑA, S.L. B-36.616.548	1 mes	02/11/2020	551,11 €
10653-612	SERVIZO DE REPARACIÓN DE CÁMARAS DE CONXELACIÓN.		CALOR, FRÍO Y MAN- TENIMIENTO, S.L.U. B-36.788.826	1 mes	3/11/20	979,74 €
10654-612	SUBMINISTRACIÓN DE VINILOS PARA FONDOS DE DECORACIÓN EN INSTALACIÓNS DE VIGOZOO.		SIXPRESS COLOR, S.L. B-36.883.601	1 mes	3/11/20	3.216,18 €
10666-612	SUBMINISTRACIÓN DE PRANTAS, ÁRBORES E SUBSTRATOS PARA XARDÍNS.-		VERALEZA., S.L.U. B-94.102.613	1 mes	11/11/20	5.837,15 €
10667-612	SUBMINISTRACIÓN DE NOVE CRISTAIS DE 5+5 DE VIDRO LAMINAR PARA TERRARIOS.-		DANIEL DEVESA FEIJÓO.- 76.868.453-S	1 mes	11/11/20	5.154,60 €
10674-612	SUBMINISTRACIÓN DE MARCOS DE ACEIRO INOXIDABLE PARA CARTEIS ENTRADA VIGOZOO.		FRANCISCO PEREIRA TABOAS. 36.116.524-S	1 mes	12/11/20	2.049,74 €
10679-612	SUBMINISTRACIÓN DE FILTRO DE LEITO PROFUNDO DE CARBONO ACTIVO PARA ACUARIO.		CATARAGUA, S.L. B-36.881.589	1 mes	2/12/20	1.316,41 €
10681-612	SUBMINISTROS DE MATERIAIS VARIOS DE OBRAS PARA REALIZACIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓNS		SILVINO FIGUEIREDO E HIJOS, S.L.	1 mes	19/11/20	1.609,78 €

E CONSTRUCCIÓN.		B-36.989.325			
10683-612	OBRAS DE REPARACIÓN DA ESTRUTURA METÁLICA E ADAPTACIÓN DO RECINTO DE GRULLAS.	CLAVIMAR GALICIA, S.L.	1 mes	18/11/20	15.437,47 €
		B-36.724.557			
10701-612	SUBMINISTRACIÓN DUN REPOSTO ENFRIADOR PARA ACUARIOS DE VIGOZOO.	AQUAZOO, S.L.	1 mes	03/12/2020	540,87 €
		B-36.294.114			
10703-612	SERVIZOS DE CARPINTERÍA PARA PANELADO DA REFORMA DO FORMIGUEIRO E COLMENA.	D. JOSÉ ANTONIO CARNERO ÁLVAREZ.	1 mes	9/12/20	1.524,60 €
		53.180.492-F			
10704-612	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE FERRO PARA REALIZACIÓN DE PORTAS DE ACCESO AS INSTALACIÓNS DE FORMIGUEIRO E BOLBORETARIO.	FRANCISCO PEREIRA TABOAS.	1 mes	15/12/20	4.124,89 €
		36.116.524-S			
10724-612	SERVIZOS DE TEMATIZACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO REPTILARIO, PLANTA 1.-	VISERCONS SL	20 días	17/12/2020	9.377,50 €
		NIF: (B27729838)			
10725-612	SERVIZOS DE MONTAXES ELÉCTRICOS NO REPTILARIO.	ADILSON ALVES BERNARDO.	20 días.	17/12/20	4.800,00 €
		55.169.237-B			
10726-612	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE OBRAS PARA PRIMEIRA FASE REPTILARIO PLANTA 1.-	SILVINO FIGUEIREDO E HIJOS, S.L.	1 mes	17/12/20	4.392,92 €
		B-36.989.325			

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, de sete operarios/as peóns para o Servizo de Educación. Expte. 36947/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2019, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



Concello de Vigo

17(39).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SETE OPERARIOS/AS PEÓNS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXP-TE. 36947/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/01/21, dáse conta do informe-proposta do 19/01/21 asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de nomeamento de vinte dous/vinte dúas oficiais de instalacións municipais, manifestando a urxencia pola necesidade de garantir a continuidade normalizada do curso lectivo escolar 2020-2021, nun momento actual de máxima preocupación pola aplicación do protocolo de adaptación ao contexto de pandemia sanitaria COVID-19 nos centros de ensino.

II.- Logo de tramitar a primeira fase no expediente 36680-220, e tendo en conta o informe de verificación técnica que obra no expediente de referencia (unicamente figuran na lista de reserva da categoría oficiais de instalacións municipais un total de quince aspirantes en condicións de ser nomeados/as), o Servizo de Educación comunica *“por parte de este Servizo Municipal de Educación non hai inconveniente algún en poder completar con Peóns a devandita cobertura de 22 postos de traballo nos centros de ensino público de infantil e primaria, no que atinxe ás tarefas de mantemento, conservación e vixianza, coa finalidade de continuar a garantir o normal funcionamento a partires do venres 8/xaneiro/2021 do curso lectivo escolar, nun momento actual de máxima preocupación na comunidade educativa e nos centros de ensino polo contexto Covid-19 derivado da pandemia sanitaria que se está a padecer.”*

III.- Consta orde de incoación do expte de data 04/01/2020 da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, para atender á solicitude de persoal formulada e incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna por un período de seis meses.

IV.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).***

En similar senso, na **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comuni-



Concello de Vigo

dades Autónomas, con respecto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses (ata o 10/07/2021), dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza o posto, neste caso (posto cód. 158- Operario-peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación e do Concelleiro de Educación, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na Instrución de servizo da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, na que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de Educación, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que figura no expediente (trámite 193):

“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE”

OPERARIO/A PEÓN acumulación tarefas (sete postos)

Custo Total Proposta (1 posto)// Ano 2021	Periodo-(25-01/2021 a 24/07-2021)- 7 POSTOS – 6 meses
Retribucións totais(1posto)	23.050,81 € 80.677,84 €
Seguridade Social(1 posto)	7.408,76 € 25.930,66 €
Total	30.459,57 € 106.608,50 €

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.



Concello de Vigo

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias e, considerando as cuestións indicadas no informe técnico sobre o estado de execución da aplicación 920.0.140.0000 e as modificacións orzamentarias precisas, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe técnico de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de operario-peón, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais instalacións, a F Rey Gómez con dni ***9132**, a M^a T Quinteiro Domínguez con dni ***7592**, a B Vázquez Martínez con dni ***2535**, a J L Vázquez Castro con dni ***7374**, a T Pérez Tizón con dni ***7395**, a J M Iglesias Peixoto co dni ***7559**, e a L Fernández Sueiro, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de recursos humanos e formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de sete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Operarios-peóns** (cod. 158), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses e, en consecuencia, autorizar o gasto total de **106.608,50 € no exercicio 2021** (dos que **80.677,84 € corresponden a retribucións e 25.930,66 € a seguridade social a cargo do empregador**).

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a *F Rey Gómez con dni ***9132***, a *Mª T Quintero Domínguez con dni ***7592***, a *B Vázquez Martínez con dni ***2535***, a *J L Vñázquez Castro con dni ***7374***, a *T Pérez Tizón con dni ***7395***, a *J M Iglesias Peixoto co dni ***7559***, e a *L Fernández Sueiro*, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faránse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 158-operario peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados/as, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(40).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez